


ARQUITECTURA DA AUGA

[Territorio, imaxe e pensamento]

08.04 — 29.04 / 2021



«O espazo en certos momentos dinos cousas, pero para saber escoitar —e para saber ver— hai que comprender. E só o que á intuición primeira engade reflexión e actividade empática está en disposición de captar a mensaxe espacial.»

Carmelo Lisón Tolosana en *Antropología de un viejo paisaje gallego*

Arquitectura da auga é un traballo de investigación que toma forma de publicación e de exposición con material audiovisual e fotográfico froito do traballo desenvolvido durante un mes por un grupo de arquitectas e arquitectos, estudantes e profesionais guiados por Elisa Gallego e Julián Barón.

Preténdese investigar unha estrutura territorial complexa e densa en significados como é a galega, para o cal selecciónanse lugares en cinco municipios da provincia da Coruña cunha poboación menor de 500 habitantes, radiais a Compostela a unha distancia media de 12 Km do centro histórico. A tarefa é localizar arquitectura da auga en cada un, na zona de influencia do camiño de peregrinación e buscar e relacionar significativamente a información existente e a recompilada e xerada *in situ*.

Dende o norte e en sentido horario, son os seguintes:

1. CAMIÑO FRANCÉS: O AMENAL (O PINO)
2. VÍA DA PRATA: RUBIAL (BOQUEIXÓN)
3. CAMIÑO PORTUGUÉS: RÚA DE FRANCO (TEO)
4. CAMIÑO DE FISTERRA: AUGAPESADA (AMES)
5. CAMIÑO INGLÉS: MARANTES (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

A exposición descóbrenos como unha arquitectura da auga adxectiva e modesta (en forma de ponte,

bosque, fonte ou lavadoiro) é capaz de conducirnos a través de vínculos e relacións significativas a estruturas máis complexas que significan o territorio ao formar parte dun contexto que á súa vez nos constrúe. O camiño do peregrino e o da auga comparten significados simbólicos, espirituais, pero tamén son elementos fundamentais que participan na construción do territorio galego.

A exposición quere expresar esa abstracción inventada polo ser humano apelando ó uso de texto, imaxes fixas e en movemento, sons e debuxos de mapas para describir e expresar un significado que depende de establecer relacións visibles e invisibles. Relacións que chamamos ligazóns, e que se establecen entre o observador e o territorio observado e que poden ser analíticas, a través da observación crítica e meditada en base a datos cuantificables e/ou de carácter emocional ou existencial, cando o observador ou a observadora emociónase e sente e expresa a contorna máis aló dunha mera contemplación. A razón e a intuición ou razón sensible, van xuntas e entender iso é entender a complexidade das cousas que percibimos.

Así pois, con esa toma de conciencia da fragilidade do territorio e da dimensión da arquitectura, plantexamos unha actitude crítica para pensar e dar(nos) que pensar colectivamente hoxe, no momento actual de cambio do territorio.

Este proxecto é beneficiario do programa *O teu Xacobeo* a través da Universidade da Coruña. Conta coa colaboración da Cátedra Emalcsa-UDC e a Fundación DIDAC.


Imprenta: Agencia Gráfica Gallega S.L.
www.consejojacobex21.es / www.xunta.gal / www.udc.es

Fundación DIDAC

DARDO Instituto do Deseño e das Artes Contemporáneas

Pérez Costanti, 12
15702 Santiago de Compostela
info@didac.gal / T. 34 881 018 893
www.didac.gal


DIDAC conta co apoio de



ARQUITECTURA DEL AGUA

[Territorio, imaxe e pensamento]

08.04 — 29.04 / 2021



1. Audiovisual

Proyección 16:9 HD, Branco e negro e cor

Duración: 23'25"

Presentación en bucle

Cámaras: Óscar Cruz García, Laura Fernández Rouco, Iria Ferradás Pazos, Pablo Fraguera Casás, Michael Juan Sierra, Miriam Núñez Guerrero, Lorena Santasmarinas Santasmarinas, Tamara Souto Quindimil, Roi Zas Hernández

Edición e montaxe: Elisa Gallego Picard

Os rexistros tomáronse durante o traballo de investigación con acordo por parte daqueles veciños e veciñas que colaboraron desinteresadamente.

2. Plano

Plano de situación en parede en branco e negro que representa sintéticamente en planta o encontro da traza da vía de auga e a vía do camiño da peregrinaxe nas 5 localizacións onde a arquitectura da auga maniféstase identificadas cun número.

As dúas concas (a do Ulla ao sur e a do Tambre ao norte) conducen as correntes de auga ata as Rías de Arousa ou de Muros e Noia ao Océano Atlántico.

3. Publicación

5 exemplares en formato A4 de 24 páxinas con láminas e dípticos de gramaxe variable con datos, planos e textos elaborados en branco e negro e cor.

O contido ten información escrita, planimétrica e fotográfica sobre cada arquitectura da auga, lugar e camiño de peregrinaxe. As follas soltas e con distinto gramaxe, tamaño, deseño e contido ofrecen unha lectura global sobre cada arquitectura, que se estende sobre a mesa á vontade do lector que desta maneira é susceptible de organizar novas relacións e análises.

Fotografías, datos e planos locais: autores participantes.

Elaboración do texto, planos xerais e edición das imaxes: Elisa Gallego e Julián Barón.

4. Imaxe


167 láminas a 4 tintas en papel Munken Lynx de 300 g.

A secuencia enlaza 5 sectores, dende o Camiño Francés ata o Camiño Inglés, e investiga a través da imaxe sobre aquelas relacións non tan lóxicas do encontro sentido e físico co lugar.

© dos autores participantes

Edición: guiada por Julián Barón e Elisa Gallego

Agradecemos a información facilitada polos municipios implicados e a aqueles veciños e veciñas que nos atenderon desinteresadamente coas súas indicacións.



Participantes

Camiño Francés: Michael Juan Sierra, Roi Zas Hernández

Vía da Prata: Lorena Santasmarinas Santasmarinas, Tamara Souto Quindimil

Camiño Portugués: Iria Ferradás Pazos, Pablo Fraguera Casás

Camiño de Fisterra: Oscar Cruz García, Laura Fernández Rouco

Camiño Inglés: Cecilia López Prego, Miriam Núñez Guerrero

Coordinadora

Elisa Gallego Picard. Investigadora Post-Doc e doutora arquitecta pola ETSAM e MPhoto pola School of Visual Arts de NYC. www.eligalpic.com

Colaborador

Julián Barón. Fotógrafo, docente e impulsor de proxectos que usan a imaxe como ferramenta social de pensamento. www.julianbaron.es

Arquitectos tutores colaboradores do GCeT — UDC

Juan Creus e Pablo Gallego
www.cidadeterritorio.wordpress.com

Arquitecto invitado

Francisco Leiva Ivorra, fundador do Grupo Aranea. Grupo multidisciplinar de arquitectura con sede en Valencia. www.grupoaranea.net

Este proxecto é beneficiario do programa O teu Xacobeo a través da Universidade da Coruña. Conta coa colaboración da Cátedra Emalcsa-UDC e a Fundación DIDAC.

Imprenta: Agencia Gráfica Gallega S.L.
www.consejojacobeo21.es / www.xunta.gal / www.udc.es

Fundación DIDAC

DARDO Instituto do Deseño e das Artes Contemporáneas

Pérez Costanti, 12
15702 Santiago de Compostela
info@didac.gal / T. 34 881 018 893
www.didac.gal

DIDAC conta co apoio de

